



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

**EXPEDIENTE 2024/E001/000008. Proceso de selección para a contratación de tres peóns forestais encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.**

**Acta do Tribunal do proceso de un peón forestal encargados/as do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024.**

Constitúese o tribunal de selección, conforme a composición determinada no Decreto de Alcaldía nº 273/2024 de 19 de xullo de 2024 para proceder á realización do proceso de selección de un peón forestal encargado do manexo e actuación do vehículo motobomba (VMV) ao abeiro do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Touro para prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2024, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 193/2024 de 29 de maio de 2024.

Lugar: Área xunto á Casa de Cultura situada na Rúa Castelao – Fonte Díaz – Touro.

Día: 19 de xullo de 2024

Hora de comezo: 10:30 horas

Hora de remate: 11:45 horas

Asistentes:

- Presidente: : Manuel Santiago Neira Gómez, axente ambiental no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural).
- Secretario: Miguel Ángel Liste Otero motobombista e tractorista no Distrito Forestal III (Consellería do Medio Rural)
- Vogal 1º: Manuel Rodríguez Calvo, conductor encargado tractor Concello de Touro.

Non asisten:

- Vogal 2ª: Nieves González Mujico, educadora social do Concello de Touro.
- Vogal 3ª: María Carmen Becerra Carlín, auxiliar servizos sociais Concello de Touro.

Reúnese o Tribunal de selección co obxecto de realizar unha ou varias probas de carácter práctico acordada/s pola comisión antes da realización das mesmas, determinando tamén o tempo de realización e a puntuación de cada unha delas.

As probas estarán relacionadas coas labores encamiñadas á prevención, construción e mellora da infraestrutura de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e que minoren os danos dos incendios e demais tarefas que o posto requira, dirixidas a determinar a destreza dos/as aspirantes no manexo das ferramentas, do vehículo e das actividades propias da extinción de incendios forestais.

Cualificarase de 0 a 10 puntos sendo excluídos/as os/as aspirantes es que non acaden o mínimo cinco puntos (5 puntos). A cualificación deste exercicio efectuarase con 2 decimais. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a puntuación mínima.

**Procedeuse ao chamamento das persoas que constan na lista de admitidos:**

Apelidos e nome	Observacións
Fernández González Juan	COMPARECE
Larroy Castro José Manuel	COMPARECE
Rendo Facorro Ramón	COMPARECE

A continuación procedeuse a realización das probas por parte dos aspirantes que asisten ao proceso, no que se valorou a proba de conformidade co seguinte:

- Proba de manexo vehículo (6 puntos).
- Proba de coñecementos básicos do mantemento do vehículo e coñecemento do equipo. (4 puntos)

Valorando:

- A destreza no manexo do vehículo (posta en marcha e aparcamento).
- Os coñecementos básicos do mantemento do vehículo e coñecemento do equipo.
- O tempo empregado.

**O Tribunal por unanimidade outorga as seguintes puntuacións**

Nome e apelidos	Proba de manexo vehículo 6 puntos	Proba coñecementos básicos mantemento do vehículo e coñecemento do equipo 4 puntos	Total puntuación 10 puntos
Fernández González Juan	4	3,5	7,5
Larroy Castro José Manuel	0	0	0
Rendo Facorro Ramón	6	1	7

**Segunda proba: Coñecemento de galego.** De carácter obrigatorio e non eliminatorio, que realizarán os/as aspirantes que superasen as probas anteriores. Consistirá na tradución directa do castelán dun texto proposto polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario. O exercicio cualificarase como apto ou non apto.

Nome e apelidos	Calificación
Fernández González Juan	Apto
Larroy Castro José Manuel	Non presentado
Rendo Facorro Ramón	Apto

Á vista das puntuacións obtidas, o Tribunal, por unanimidade, acorda:

**PRIMEIRO.** Elevar a listaxe da persoa aprobada para os efectos da contratación, propoñendo a contratación de:

- Juan Fernández González

**SEGUNDO.** Formar a seguinte listaxe (bolsa de traballo), por orde decrecente de puntuación:

- Ramón Rendo Facorro

-

De conformidade co establecido na cláusula 11 das Bases reguladoras:

Previamente á contratación dos 3 aspirantes con maior puntuación, e segundo se detalla na cláusula sexta, punto 5 do convenio de colaboración asinado coa Consellería do Medio Rural, o persoal encargado do manexo e actuación do vehículo VMB terá que realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar.

No caso de non superar as probas referidas anteriormente, procederase a realizar as citadas probas aos aspirantes qu fose necesario contratar pola orde na que houberan quedado na listaxe de reserva.

Os/as traballadores contratados terán un curso-práctico de formación sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas.

Abrirase prazo para a presentación de reclamacións de 3 días hábiles contados dende o día seguinte da publicación da listaxe de resultados provisionais. De non presentarse, elevarase a definitivo a listaxe que se publicará no taboleiro de edictos, na páxina Web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Touro.



## CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase a sesión ás 11:45 horas do día indicado de todo o cal se dá fe, asinando os membros do Tribunal.

Presidente

Vogal

Secretario

Manuel Santiago Neira Gómez

Manuel Rodríguez Calvo

Miguel Ángel Liste Otero